



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE FEBREIRO DE 2016.**

<p><b><u>Sres. Asistentes:</u></b></p> <p><b><u>Sr. Alcalde:</u></b> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.</p> <p><b><u>Sres. Concelleiros:</u></b> D<sup>a</sup> MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D<sup>a</sup> OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO. D<sup>a</sup> JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. RICARDO JOSE LAGE FERNANDEZ. D. MARTA SEIJAS DIAZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS D. MANUEL BELLO BOUZA. D<sup>a</sup> CRISTINA CADENA FREIRE. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. D. GUSTAVO PITA CARBALLEIRA. <b><u>SR. SECRETARIO :</u></b> D. MANUEL LARROSA RODRIGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as doce horas e trinta e sete minutos do vinteseis de febreiro de dous mil dezaseis, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
--	---

### **PUNTO NÚM. 1.- APROBACION SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓN**

#### **A) SESIÓN DE 27 DE NOVIEMBRE DE 2015.**

Interven o Sr. Mesias Farias, manifesta que no punto primeiro de esta el fixo constar que non se entregou o audio da Sesión, solicitando que por parte do Sr. Secretario se informase acerca da legalidade deste, e logo na parte final deste acordo, di que os membros do PP e do BNG, non votan, cando eu teño entendido que cando non votas ou te ausentas debe constar como abstención, entonces gustaríanos que por parte do Sr. Secretario se nos asesorara sobre este punto.

Polo Sr. Secretario procedese a aclarar que de conformidade co Real Decreto 2568/1986 establece que soamente cando se retire iniciado un asunto será abstención, no caso de non retirada se non votan, se ten facer constar que non votan. Sometida a votación a aprobación da Acta o Pleno do Concello por 7 votos a favor (5 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL e 1 de SON DE ARES), e 6 abstencións 3 BNG e 3 PP acorda prestarlle a súa aprobación.

#### **B) SESIÓN 18 DE DICIEMBRE DE 2015.**



O Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación a acta da sesión celebrada o día 18 de decembro de 2015.

**PUNTO NÚM. 2.- TOMA DE POSESIÓN DE DN. MANUEL BELLO BOUZA COMO CONCELEIRO.**

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando “Esta presidencia invita á Sr. Concelleiro electo a que expoña neste acto se lle afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade á súa proclamación”

Respostando Don Manuel Bello Bouza, que non.

Acto seguinte polo Sr. Secretario Xeral, informáse, que pola Concelleiro electo Don Manuel Bello Bouza, se presentou a credencial expedida pola Xunta Electoral Central de data 12 de febreiro de 2016, e que de conformidade co disposto no art. 75.7 da Lei 7/1985 de 2 de abril LRBR, modificada pola Lei 8/2007, de 8 de maio do Solo, redacción recollida no Texto Refundido RDLex. 2/2008. De 20 de xuño (Disp. Adc. 9ª.3), presentou nesta Secretaría a preceptiva declaración para a inscrición nos Rexistros de Bens Patrimoniais e de Actividades, e liquidacións do IRPF, e no seu caso Patrimonio e Sociedades.

**ACTO DE XURAMENTO OU PROMESA**

O Sr. Secretario, fai constar que de conformidade co artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, os Concelleiros electos no momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, deben xurar ou prometer actamento á Constitución, así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas Leis ou regulamentos respectivos.

O Xuramento ou promesa realizarase utilizando a fórmula prevista no Real Decreto 707/1979 de 5 de abril, regulador da fórmula para a toma de posesión de cargos e función públicas.

Acto seguinte o Sr. Alcalde-Presidente, pregunta á Sr. Concelleiro Don Manuel Bello Bouza, **¿xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei, gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado?**

Respostando a Sr. Bello Bouza, que **“si prometo” por imperativo legal.**

**O Sr. Alcalde-Presidente dalle posesión do cargo de Concelleiro ó Sr. D. Manuel Bello Bouza.**

**PUNTO NÚM. 3.- DAR CONTA DO PERIODO MEDIO DE PAGO (PMP) CUARTO TRIMESTRE 2015.**



Dase conta do Periodo Medio de Pago (PMP) correspondente o cuarto trimestre de 2015, o cal presente o seguinte detalle:

Ratio Operacións pagadas: 22,07

Importe pagos realizados: 938.181,37

Ratio operacións pendentes: 9,11

Importe pagos pendentes 310.571,69

Periodo Medio de Pago 18,85 días.

O Concello Pleno dase por enterado.

**PUNTO NÚM. 4.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA INCORPORACIÓN DO CONCELLO DE ARES COMO SOCIO FUNDADOR NA ASOCIACIÓN SEN ANIMO DE LUCRO A CREAR PARA ELABORAR A EXTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO E CONCORRER AOS FONDOS EUROPEOS LEADRE DE GALICIA 2014-2020.**

Dase conta do informe do Sr. Secretario de data 17 de febreiro de 2016, que seguidamente se transcribe:

“DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO E CONCORRER AOS FONDOS EUROPEOS LEADER DE GALICIA 2014-2020.

O funcionario que suscribe, dando cumprimento ao disposto no artigo 54 do Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e 173 do ROF, en relación co asunto citado, emite o seguinte

**INFORME**

Primeiro.- A lexislación aplicable áchase contida, fundamentalmente, nas seguintes disposicións:

- Nos artigos 22.2 b, 47.2 g) e disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

- **22.2.b)** Los acuerdos relativos a la participación en organizaciones supramunicipales; alteración del término municipal; creación o supresión de municipios y de las entidades a que se refiere el artículo 45; creación de órganos desconcentrados; alteración de la capitalidad del municipio y el cambio



de nombre de éste o de aquellas entidades y la adopción o modificación de su bandera, enseña o escudo.

- **47.2.g)** Creación, modificación o disolución de mancomunidades u otras organizaciones asociativas, así como la adhesión a las mismas y la aprobación y modificación de sus estatutos.
- **D.A 5ª) 1.** Las entidades locales pueden constituir asociaciones, de ámbito estatal o autonómico, para la protección y promoción de sus intereses comunes, a las que se les aplicará su normativa específica y, en lo no previsto en él, la legislación del Estado en materia de asociaciones.

2. Las asociaciones de entidades locales se registrarán por sus estatutos, aprobados por los representantes de las entidades asociadas, los cuales deberán garantizar la participación de sus miembros en las tareas asociativas y la representatividad de sus órganos de gobierno. Asimismo, se señalará en los estatutos la periodicidad con la que hayan de celebrarse las Asambleas Generales Ordinarias, en caso de que dicha periodicidad sea superior a la prevista, con carácter general, en el artículo 11.3 de la Ley Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora del Derecho de Asociación.

3. Dichas asociaciones, en el ámbito propio de sus funciones, podrán celebrar convenios con las distintas Administraciones Públicas. Asimismo, de conformidad con lo establecido en el artículo 12.2 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, podrán actuar como entidades colaboradoras de la Administración en la gestión de las subvenciones de la que puedan ser beneficiarias las Entidades Locales y sus organismos dependientes.

Las asociaciones de Entidades Locales podrán adherirse al sistema de contratación centralizada estatal regulado en el artículo 206 del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, en los mismos términos que las Entidades Locales.

Conforme a lo previsto en el artículo 203 del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, estas asociaciones podrán crear centrales de contratación. Las Entidades Locales a ellas asociadas, podrán adherirse a dichas centrales para aquéllos servicios, suministros y obras cuya contratación se haya efectuado por aquéllas, de acuerdo con las normas previstas en ese Texto Refundido, para la preparación y adjudicación de los contratos de las Administraciones Públicas.

4. Las asociaciones de Entidades Locales de ámbito estatal con mayor implantación en todo el territorio ostentarán la representación institucional de la Administración local en sus relaciones con la Administración General del Estado.

**Segundo.**– O art. 42 da Lei 7/1985 remite ás Comunidades Autónomas para a creación das distintas fórmulas de asociacionismo municipal.



Dentro dos principios que rexen a actuación das Administracións Públicas, a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común -LRJPAC-, no seu art. 3 determina no seu apartado 1 que as Administracións Públicas "actúan de acordo cos principios de eficacia" e no seu apartado 2 sinala que as Administracións Públicas, nas súas relacións, réxense polo principio de cooperación e colaboración, e na súa actuación polos criterios de eficiencia e servizo aos cidadáns.

Doctrinalmente vén sinalando que dentro das relacións ínteradministrativas cabe distinguir dous tipos. Un primeiro grupo que teñen por obxecto garantir a adecuada coordinación do exercicio de competencias e intereses que poden cualificarse de concorrente –e que non requiren máis desenvolvemento, dado o ámbito da consulta exposta–, e un segundo grupo que ten o seu fundamento no principio de cooperación e colaboración no exercicio das súas competencias, prestación de servizos ou defensa dos seus intereses.

Dentro dos instrumentos que se derivan de cada categoría de relacións, debemos indicar que no primeiro caso, é común citar os seguintes:

- 1º.- Informes preceptivos.
- 2º.- Convenios de colaboración.
- 3º.- Outros acordos.
- 4º.- Participación en institucións e organismos.

Dentro do segundo grupo, cabe distinguir dous tipos de instrumentos:

- 1º.- Os instrumentais ou orgánicas, que dan lugar a creación dun ente con personalidade xurídica propia:
  - a) Mancomunidades (art. 42 LRBRL).
  - b) Consorcios (art. 58 LRBRL).



c) Asociacións (Disp. Adic. 5ª LRBRL)

d) etc.

2º.- Os negociais ou funcionais:

a) Convenios de colaboración (art. 57 LRBRL).

b) Encomendas de Xestión (arts. 47.2.h) e 123.1.j LRBRL).

c) Transferencias de Servizos (arts. 47.2.h) e 123.1.j LRBRL).

d) Delegacións (arts. 27 LRBRL, 8 TRLRHL; e 66 e 67 TRRL)

e) etc.

En todo caso, este tipo de instrumentos de cooperación constitúe unha forma de colaboración voluntaria entre diversos Entes Públicos locais dotados de potestades autónomas, que interactúan desde unha posición de igualdade para alcanzar o cumprimento dos seus obxectivos.

**Terceiro.-** De acordo coa normativa antes citada, as entidades locais poden constituir asociacións, de ámbito estatal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns, ás que se lles aplicará a súa normativa específica e, no non previsto nela, á lexislación do Estado en materia de asociacións.

As asociacións de entidades locais rexiranse polos seus Estatutos, aprobados polos representantes das entidades asociadas, e deberán garantir a participación dos seus membros nas tarefas asociativas e a representatividade dos seus órganos de goberno.

**Cuarto.-** Para a adopción válida do acordo de incorporación ou integración na asociación epigrafiada, é necesaria a maioría absoluta legal do Pleno da Corporación, por esixilo así o artigo 47.2 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e o artigo 215.3.b) da Lei 5/1997, do



22 de xullo, de Administración Local de Galicia, maioría absoluta legal que se requerirá tamén, no seu momento, para á aprobación dos seus estatutos.

Dase conta da proposta que presenta a ALCALDÍA-PRESIDENCIA do seguinte teor literal:

“No Diario Oficial da Unión Europea, L 347, de 20 de decembro de 2013, publicáronse os novos Regulamentos dos Fondos Estructurais, e de Inversión (FEI), que serán aplicables aos Estados Membros e Rexionais da Unión Europea, para o período 2014-2020.

En España os FEI do período 2014-2020 serán catro: o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) o Fondo Social Europeo (FSE) o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e o Fondo Europeo Marítimo y de Pesca (FEMP).

O Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo a axuda ao Desenvolvemento Rural, a través do FEADER, permite que os Estados Membros presenten un programa nacional e un conxunto de programas rexionais, garantindo a coherencia entre as estratexias nacionais e rexionais....

Tamén insta aos estados membros a establecer, a escala rexional, subprogramas para o desenvolvemento das zonas rurais, que teñan en conta o potencial endógeno e as necesidades locais dos territorios con características socioculturais común, fomentando a financiación e posta en marcha de Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo, xestionadas por Grupos de Accion Local (GAL) con enfoque LEADER.

Así, a Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, acordou que o programa Nacional de Desenvolvemento Rural (PNDR) de España, distribuíse fondos FEADER entre os Programas de Desenvolvemento Rural das Comunidades Autónomas, que finalmente chegarán a 8.297.388.821€.

A Galicia lle corresponden 889.800.000€, e vai destinar 84.000.000€ destes fondos ao LEADER de Galicia 2014-2020, distribuídos nun número aproximado de 24 GAL, que abarcarán tódolos concellos da nosa Comundiade Autónoma.

**O Regulamento (UE) nº 1303/23 do Parlamento Europeo e do Consello** sobre disposicións común e específicas dos Fondos, sinala, no seu artigo 34, que os GAL deben estar compostos por representantes locais públicos e privados, que deseñen unha estratexia local e a leven a cabo.

Do mesmo xeito, se incide no Regulamento (UE) Nº 1305/2013, cando recalca a composición dos grupos de acción local como un grupo de socios públicos e privados locais dun territorio, organizados entorno a unha asociación sen ánimo de lucro para levar a cabo a estratexia de desenvolvemento local participativa LEADER.





Faise preciso reseñar que este concello xa formou parte, do GAL. Costa Ártabra que xestionou os fondos europeos do Programa de Desenvolvemento e Diversificación Económica de zonas rurais (PROEDER II) no período 2002-2008.

No momento actual existen en Galicia 31 GAL, denominados Grupos de Desenvolvemento Rural.

O concello de Ares e sócio fundador, do Grupo de Desenvolvemento Rural Costa Noroeste, GDR 31, que xestionou os fondos LEADER DE GALICIA 2007-2013.

Pero coñecemos que, para o período LEADER de Galicia 2014-2020, se reduce ó número de grupos a vintecatros, modificándose os actuais ámbitos territoriais de xeito que os Concellos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal van configurar un só grupo.

Por elo, os doce concellos que conforman Costa Noroeste e os representantes das entidades privadas, acordan na Xunta Directiva e na Asemblea do 8 de outubro de 2015 e reiteraron na XD do 10 de decembro de 2015, iniciar os trámites de constitución dunha nova entidades.

Todo elo co afán de dispoñer, canto antes, dunha entidade que se poida encargar de dinamizar a poboación e propiciar a elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Participativa e poder concorrer a xestionar ditos fondos europeos, para o noso ámbito rural.

Así dente o mes de xaneiro estanse producindo reunión, promovidas e respaldadas por os Concellos.

Concellos, que estamos exercendo o liderazgo que nos corresponde neste intre, para conformar un auténtico partenariado local, organizado entorno a unha Asociación sen ánimo de lucro, tal como esixe a UE e, posteriormente, deseñar entre todos a Estratexia de Desenvolvemento Participativo, que nos permita dispor, xa neste ano, de fondo LEADER para o noso ámbito territorial.

Esa é, en definitiva, a razón de formar parte como socio fundador participar, impulsar e liderar a gobernanza e o parteariado local.

Á vista do anterior, esta Alcaldía **propón o seguinte acordo, para a súa aprobación, no seu caso, polo Pleno da Corporación.**

**PRIMEIRO.-** O Concello de Ares, co CIF nº P1500400E, acorda integrarse como socio fundador, na Asociación sen ánimo de lucro, en trámite de constitución, cuxo fin será a elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo, e concorrer aos fondos europeos LEADER de Galicia 2014-2020.





**SEGUNDO.-** O Concello de Ares designa formalmente a Don Julio Ignacio Iglesias Redondo con D.N.I. núm. 32.649.797-D, Alcalde desta Corporación, como representante no acto constitutivo da nova asociación e como representante permanente deste Consistorio nesa entidade.

Sometida a votación a proposta o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestar-lle a súa aprobación.

## **CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.**

### **PUNTO 5º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS ADOPTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA SESIÓN ANTERIOR.**

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia proceder a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos, de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril

O Concello Pleno dase por enterado

### **PUNTO 6º.- MOCIONS E PROPOSTAS.**

#### **a) MOCION DE SON DE ARES: “RETIRADA ANTEPROXECTO DE LEI ACUICOLA DE GALICIA E APOIO AS MOBILIZACIÓNS”**

Dada conta da Moción Presentada por D. Gustavo Pita Carballeira voceiro do Grupo Municipal SON DE ARES, do seguinte teor literal:

“ D. GUSTAVO PITA CARBALLEIRA, Concelleiro-Portavoz do Grupo Municipal Son de Ares, ante V.I. comparece e presenta a seguinte moción ao Pleno da Corporación Municipal do Concello de Ares con base nos seguintes

#### **MOTIVOS:**

O pasado 1 de Outubro de 2015, o Consello da Xunta de Galicia iniciou a tramitación do Anteproxecto da Lei de Acuicultura de Galicia sen o Dialogo preciso có sector e de costas á realidade e intereses da xente do mar.

O anteproxecto establece entre outras cuestións:

A subasta ó mellor postor das concesións que a día de hoxe existen, e a posibilidade de reiterar a citada concesión si en dous anos non presenta balance económico positivo, a maiores do establecemento do canón.



O privilexio de eliminar a necesidade de informe previo de incidencia ambiental e a posibilidade de instalar plantas acuícolas en espazos naturais protexidos.

A imposibilidade de que os concellos podan decidir sobre a implantación de ditas industrias multinacionais por ser consideradas de incidencia supramunicipal.

Por todo o cal, o Concello Pleno.

ACORDA

- 1.- Esixir a retirada do anteproxecto de Lei Acuicola de Galicia.
- 2.- Apoiar as mobilizacións convocadas polo sector do mar rexeitando o citado anteproxecto.
- 3.- Trasladar este acordo ó Presidente da Xunta de Galicia e ás/os portavoces dos grupos parlamentarios.

**b) MOCION DO PSdeG-P.S.O.E. "RETIRADA ANTEPROXECTO DE LEI DE ACUICULTURA DE GALICIA".**

Dase conta da Moción que presenta o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares sobre anteproxecto de Lei de Acuicultura, que seguidamente se transcribe:

"De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte MOCION coa seguinte:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O Sector do mar representa o 4% da produción total da economía galega sendo un sector extratético na economía local xa que xera emprego directo como son mariscadores, bateiros, mariñeiros, e tamén emprego indirecto como depuradoras de moluscos, cocedoiros, conserveiras, centros de conxelación, estaleiros, carpinterías, cordelerías etc.

O pasado 1 de outubro, o Consello da Xunta iniciou a tramitación do Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia, un anteproxecto que non nace do diálogo nin dun compromiso con todos os axentes e beneficiarios implicados. Este anteproxecto de Lei de Acuicultura contempla entre outros elementos:

- Un plan de Ordenación da Acuiculutra Litroal en Terra, que establece:
  - 1.- Que os propietarios de terras que se neguen a vender serán expropiados a favor das empresas de acuicultura.



2.- o privilexio de eliminar a necesidade de informe previo de incidencia ambiental e a posibilidade de instalar plantas acuícolas en espazos naturais protexidos.

3.- a imposibilidade de que os concellos poidan decidir sobre a implantación de ditas industrias por ser consideradas de incidencia supramunicipal.

\* Un plan de Ordenación de Cultivos mariños, que establecerá para cada zona das rías as especies a cultivar e o tipo de gaiola/batea a utilizar.

Esta lei está deseñada para implantar a peixicultura intensiva a escala industrial e vai autorizar todo tipo de especies a cultivar, incluso as foráneas ou exóticas podendo acabar senso invasoras do medio rural.

Este Anteproxecto foi elaborado de costas á realidade e aos intereses das persoas que viven do Mar de Galicia. Ningún sector do mar está conforme con dito Anteproxecto porque entende que está deseñada para desmantelar os sectores produtivos primarios, e empobrece as comarcas costeiras.

Ante o retroceso produtivo das Rías, o que precisan os sectores primarios son verdadeiras políticas estruturais que garantan:

- A calidade das augas do medio mariño.
- O afortalamento do tecido produtivo e o potencionamento das actividades primarias incentivando a cooperación con iñas de apoio ao desenvolvemento colectivo.
- A recuperación da confianza dos consumidores e o fomento da demanda, e polo tanto da oferta de produtos do mar de Galicia, sans e naturais.
- O incremento do valor engadido dos nos produtos, para que a riqueza quede aquí e non vaia para fora.
- Ante esta grave situación, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares presenta ó Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:
- **Instar á Consellería do Mar á retirada do Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia, e ao Consello da Xunta de Galicia para o rexeite dito Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia.**

O Sr. Alcalde-Presidente, propón tratar as dúas Mocións conxuntamente.

Toma a palabra a Voceira do Partido Popular, e solicita que se retiren as Mocións.

Sometida a votación a proposta da voceira do P.P. de que se retiren as Mocións o Pleno da Corporación por 3 votos a favor do P.P., 7 votos en contra (5 do PSdeG-PSOE 1 de SON DE ARES e 1 de NAL), e 3 abstencións do Grupo Municipal do BNG, acordar rechaza-la proposta da Voceira do P.P. de retirar as Mocións.



Acto seguinte sometese a votación o fondo das Mocións e o Pleno do Concello por 10 votos a favor ( 5 PSdeG-PSOE, 3 BNG, 1 NAL e 1 SON DE ARES), e 3 votos en contra do Grupo Municipal do P.P., acorda prestarlles a súa aprobación.

**C) MOCION DO BNG “CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS”.**

Dase conta da Moción do BNG, relativa a “**CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS**” que seguidamente se transcribe:

“ O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción.

O pasado 21 de xaneiro facíase público o 4º Informe de avaliación do cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, elaborado polo Comité internacional de expertos. Ao tempo, e baseadas neste informe, facíanse públicas as recomendacións do Consello de Ministros do Consello de Europa ao Estado español.

Nestas recomendacións, o Comité de expertos e o Consello de Ministros sinalan os aspectos que cómpre corrixir para o cumprimento efectivo das garantías que o Estado español e a propia Xunta de Galiza se comprometeron a cumprir ao ratificar a Carta en 2001.

Este concello manifesta o seu compromiso coa Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, tratado internacional que garante os dereitos lingüísticos, nomeadamente en relación á lingua galega como lingua propia e oficial de Galiza e

**INSTA á Xunta de Galiza a:**

- **Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e exixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.**
- **Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na alinea 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na Carta, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introducción dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.**
- **Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea.**
- **Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.**



- **Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades.**

Sometida a votación a Moción o Pleno do Concello por 10 votos a favor ( 5 PSdeG-PSOE, 3 BNG, 1 NAL e 1 SON DE ARES), e 3 votos en contra do Grupo Municipal do P.P., acorda prestarlle a súa aprobación.

Acto seguinte pola Vía de Urgencia o Sr. Alcalde, presenta a seguinte Declaración Institucional:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 40º ANIVERSARIO DA PROCLAMACIÓN DA RASD.

Hoxe, 27 de febreiro de 2016, cúmprese o 40º aniversario da proclamación da República Árabe Saharaui Democrática E O Concello de Ares, quere sumarse a este acontecemento histórico e demostrar un ano máis o seu firme compromiso co Pobo Saharaui.

As choivas torrenciais caídas en outubro de 2015, nos campamentos de poboación refuxiada saharai afectaron a máis de 90.000 persoas, 25.000 dos cales perderon os seus fogares e quedáronse sen alimentos, segundo denunciou a Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR).

Diversas investigación levadas a cabo polo Instituto Hegoa da UPV-EHU e a Sociedade de Ciencias Aranzadi, co apoio de Euskal Fundazioa, aportaron novas probas sobre desaparicións forzosas e bombardeos á poboación civil saharai a máns do goberno de Marrocos. Ademais, estas investigación están sendo útiles na investigación da querrela por xenocidio contra o Pobo Saharaui e nas demandas de verdade, xustiza e reparación.

Por todo iso, o Concello de Ares manifesta o seguinte:

1º.- Reafirma o seu recoñecemento ao lexítimo goberno da RASD e o Frente POLISARIO e manifesta, unha vez máis, o dereito de autodeterminación que legalmente asiste ao Pobo Saharaui. Así mesmo pídelles ao Goberno de España que lle dea o estatus diplomático á Representación do Frente Polisario en España, único e lexítimo representante do Pobo Saharaui, recoñecido así pola ONU.

2.- Insta ao Goberno de España e á comunidade internacional a que promovan todas iniciativas políticas que sexan necesarias para lograr unha solución xusta e definitiva, mediante a celebración dun referendo, conforme a resolución de Nacións Unidas.

3.- Insta ás autoridades marroquís a que cesen as persecucións contra os e as activistas saharais de dereitos humanos, a que leberen aos presos políticos saharais e esclarezan o destino de máis de 400 persoas saharais desaparecidas.



4.- Insta o Estado Español a que asuma a súa responsabilidade histórica e traballo activamente dentro da Unión Europea e aproveite a súa presenza en el Consello de Seguridade de Nacións Unidas para que a MINURSO vexa ampliado o seu mandato á vixilancia dos dereitos humanos no Sáhara Occidental.

5.- Reafirmarse no seu compromiso de traballar tanto nos campamentos de poboación refuxiada de Tinduf (Arxelia) como nos territorios ilegalmente ocupados por Marrocos como mostra do apoio maioritario da sociedade Galega á lexítima loita do Pobo Saharai pola súa liberdade.

6.- Agradece sinceramente a colaboración desinteresada e a xenerosidade dos cidadáns e as cidadás Aresás que fan posible proxectos de cooperación co Pobo Saharai, tales como a Caravana pola Paz, Vacacións en Paz, etc.”.

Sometida a votación a urxencia o Pleno do Concello por unanimidade o que significa a maioría do número legal de membros da Corporación, acorda ratifica-la urxencia.

Acto seguinte sometese a votación a Declaración Institucional anteriormente transcrita, e o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

## **PUNTO NÚM. 7.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Aberto o turno de rogos e preguntas toma a palabra o Sr. Mesías Farías, quen pregunta polo prazo de execución das obras do Concello Vello.

Respecto as actas das Sesións Plenarias e as grabacións considera que deberían constar expresamente en acta cando así se pide por os voceiros, e que se publiquen as mesmas na paxina web.

A continuación pregunta como esta o estado de tramitación do PXOM.

Resposta a Sra. Marcos García, que en relación coas obras o prazo establecido pola Deputación cumpriuse.

En relación ó PXOM, a Sra. Marcos García, recalca a entrada en vigor da nova Lei do Solo en Galicia.

A Sra. Martínez Martínez, sinala que o 12-11-2015, pediu un certificado sobre os informes sectoriais obrantes do PXOM.

Sendo as 13,59 horas retirase o Sr. Mesías Farías.

A Sra. Martínez Martínez segue preguntando que servizo presta Galaica Viaria.



Pregunta cal é o estado de tramitación da RPT, pois Galivalia segue facturando.

Expón que hai unha problemática coa sinalización dos garaxes e pregunta poque se alugan vehículos cando hai vehículos propios.

Resposta o Sr. Alcalde, que respecto a Galaica agora non sabe responder. En relación coa RPT a mesma está pendente de resolverse as Alegacións.

En relación coa publicidade das actas é un tema delicado é un tema delicado posto que hai datos protexidos, e referente as bombas de achique, considera que é necesario facer revisións de bombas.

E un leasing dunha maquina de presión. O único que ten disponible o Concello e o Nisan e o cal é vello (15 anos), é o SSanyung o uso eu para desplazarme no exercicio do meu cargo, posto que me coche ten 800.000 quilometros, e rompin tres veces o carter polos camiños.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as catorce horas e dez minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,